

Galicia celebra o Día da Narración Oral como unha festa da palabra viva co pregón de Camiño Noia

- O manifesto da investigadora pon en valor a emoción e a presenza na narración oral fronte ás pantallas
- O 20M, un día para reivindicar a lingua galega como vehículo vivo de creación e encontro
- Festival Atlántica, Sete Falares e NOGA impulsan unha xornada para visibilizar a narración oral



Cartel oficial 2026 (Deseño: [Raquel Boo](#))

O 20 de marzo, Día Mundial da Narración Oral, Galicia súmase a esta celebración internacional reivindicando a narración oral como **unha arte escénica viva, contemporánea e profesional**. A xornada está impulsada polo [Festival Atlántica](#), o festival [Sete Falares](#) e [NOGA \(Asociación de Narradoras e Narradores Oraís de Galicia\)](#), co obxectivo de visibilizar un sector consolidado e reforzar o seu recoñecemento cultural.

Nesta edición, o **pregón** corre a cargo da investigadora e académica **Camiño Noia**, unha figura clave na cultura galega: fundadora de Xerais, autora da antoloxía *Palabra de muller*, entre moitas obras, antropóloga e **piar fundamental na investigación da oralidade en Galicia**.

Ao longo da súa traxectoria desenvolveu un traballo pioneiro na recollida, análise e clasificación da narrativa oral galega, creando un amplo catálogo que sitúa os contos tradicionais galegos en diálogo coas tradicións europeas e universais.

No seu pregón, Camiño Noia reivindica a **forza da palabra viva fronte á “letra morta”**, lembrando a emoción única de escoitar un conto na voz dunha persoa. Destaca o papel da narración oral como **forma de comunicación esencial que constrúe comunidade**, fronte ás dinámicas das redes dixitais que, moitas veces, afastan ás persoas do encontro directo.

A autora subliña tamén a importancia da transmisión oral na infancia e na educación, así como o valor insubstituíble da presenza: “A voz presencial é a mellor pantalla na que nenos e nenas escoiten os contos”.

ATLANTICA
festival internacional de narración oral

**SETE
FALARES**
PONTEVEDRA

NOGA
NARRACIÓN ORAL GALEGA

Nun contexto no que a tecnoloxía multiplica os contidos, Noia lembra que **ningunha máquina pode substituír a emoción da voz que conta**, e reivindica o papel das persoas que narran como transmisoras de cultura, memoria e afectos.

A celebración do 20 de marzo pon tamén o foco na necesidade de **profesionalizar o sector da narración oral**, promovendo programacións estables e diversas que non se limiten ao público infantil, senón que inclúan tamén **espectáculos para público adulto**, recoñecendo así a amplitude e riqueza desta disciplina artística.

Así mesmo, esta xornada é unha oportunidade para **reivindicar a lingua galega como lingua de creación, transmisión e encontro**, reforzando o seu uso vivo a través das historias compartidas.

Co gallo desta celebración, desenvolverase unha ampla programación de funcións en distintos puntos do país, nas que **narradoras e narradores galegos** levarán os contos a bibliotecas, teatros, centros culturais e espazos comunitarios, enchendo Galicia de historias.

O Día Mundial da Narración Oral convértese así nunha chamada colectiva a **escoitar, contar e compartir**, e tamén nun convite, como sinala a propia Camiño Noia, a “darlle voz a este país que moitos pensan pequeno, mais que é moi grande en historias”.

CRÉDITOS | Manifesto : Camiño Noia | Deseño do cartel: [Raquel Boo](#)

CONTACTO PRENSA | **Bea Pérez** | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

MANIFESTO NO DÍA MUNDIAL DA NARRACIÓN ORAL 2026

POR CAMIÑO NOIA

Cando escoito contar algún dos contos tradicionais recollidos nas miñas antoloxías sinto unha inmensa emoción. Emocíname ver como vellos relatos da nosa tradición, e doutras tradicións do mundo, collen nova vida na voz e nos movementos corporais das nosas contacontos. Escoitar un conto é máis emocionante que lelo nun libro. Fronte á letra morta, escrita nunha folla, na voz cálida e amorosa das avoas e das nais recibimos a palabra viva da nosa lingua.

Hoxe os contos non chegan só delas, pódense escoitar de mestras, contacontos profesionais e tamén das persoas que manteñen viva a palabra compartida. Algo esencial na educación da infancia. A comunicación oral foi o primeiro paso da humanidade e será sempre a rede que manteña vivas as sociedades. É a auténtica rede que fai comunidade.

Hoxe estamos usando e sendo usadas por outras redes sociais que informan e desinforman, facéndolle a competencia á conversa que une persoas e suscita afectos. A voz presencial é a mellor pantalla na que nenos e nenas escoiten os contos; contos transmitidos para entreter e para achegalos ós misterios da vida que só a poesía pode albiscar. De adultos lembráranos sempre con agarimo.

As máquinas poden ofrecernos miles e miles de audios e vídeos e cada ano con mellor tecnoloxía; pero nunca serán a voz amiga de quen narra, cantaruxa unha cantiga e conta un conto con emoción.

ATLANTICA
festival internacional de narración oral

**SETE
FALARES**
PONTEVEDRA

NOGA
NARRACIÓN ORAL GALEGA

Con contos, música e risas constrúese o colectivo, refórzase a sociedade e o mundo resulta máis solidario. Deixando a transmisión de contos na voz e nos deseños dos trebellos informáticos, a comunicación queda reducida á tremeira de fondo.

Por iso no mundo actual son imprescindibles as persoas profesionais que contan historias, e no «Día Mundial da Narración Oral» debemos recordar a súa importancia. Un día de festa que hai que celebrar enchendo de contos os centros de ensino, os teatros, os auditorios e onde se poida.

Conmemorar esta data serve para revitalizar o que as nosas maiores transmitiron desde hai séculos de xeración en xeración, dar voz ó que non foi contado e recordarnos que todos os pobos do mundo comparten o vínculo universal nos mesmos contos, cos mesmos valores, sentimentos, medos e gozos.

Debemos facer desta celebración mundial o «Día Galego da Narración Oral» e darlle a relevancia que merece.

O «Día Mundial da Narración Oral» deste ano 2026 quero dedicárllelo ós homes e ás mulleres que contan contos en lingua galega, con inmenso agradecemento por continuar a tradición dos maiores.

E remato, convidándovos a todas e a todos a contar hoxe un conto, a darlle voz a este país que moitos pensan pequeno, mais, que é moi grande en historias.

PROGRAMA* | DÍA MUNDIAL DA NARRACIÓN ORAL 2026

17 DE MARZO

- 09.45 h | Paco Nogueiras. **Contos grandes e pequenos**. Salón do Libro de Pontevedra (público escolar)
- 11.30 h | Paco Nogueiras. **Contos grandes e pequenos**. Salón do Libro de Pontevedra (público escolar)
- 12.00 h | Pablísimo. **Cabicivai**. CEIP Francisco López Estrada, O Barqueiro (alumnado de infantil e primaria)
- 18.00 h | Raquel Queizás **Cinema Melodía**. Salón do Libro de Pontevedra (familias) **ESTREA**

18 DE MARZO

- 18.00 h | Brais das Hortas e Marta Ortiz. **Barquiño de pau**. Xardín Agra de Caldas, Carballo
- 18.00 h | Raquel Queizás **A viaxe de Nano**. Biblioteca Pública Municipal Santa Cruz, Oleiros

19 DE MARZO

- 12.00 h | Atenea García. **Corochas**. Salón do Libro de Pontevedra (0-3 anos)
- 17.00 h | Atenea García. **Corochas**. Salón do Libro de Pontevedra (0-3 anos)
- 18.00 h | Paco Nogueiras. **C@nto contigo**. Salón do Libro de Pontevedra (público infantil e familiar)
- 18.30 h | Atenea García. **Corochas**. Salón do Libro de Pontevedra (0-3 anos)
- 20.30 h | Dani Blanco. **Enterros, tabernas e contubernios**. Centro Social A Alvariça, Allariz (público adulto) **ESTREA**

20 DE MARZO

- 17.15 h | Sole Felloza. **Cabaliño Hop**. Salón do Libro de Pontevedra (0-3 anos)

ATLANTICA
festival internacional de narración oral

**SETE
FALARES**
PONTEVEDRA

NOGA
NARRACIÓN ORAL GALEGA

18.00 h | Cris de Caldas. **A revolución estrafalaria**. Salón do Libro de Pontevedra
18.00 h | Raquel Queizás. **Nanovo**. Biblioteca de Coristanco
18.00 h | Marta Ortiz. **Tralará**. Biblioteca de Arzúa
18.30 h | Pavis Pavós. **Escola de lectura para familias curiosas**. Obradoiro para adultos. Salón do Libro de Pontevedra
18.30 h | Sole Felloza. **Cabaliño Hop**. Salón do Libro de Pontevedra (0-3 anos)
19.30 h | Dani Blanco. **Enterros, tabernas e contubernios**. Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas, Vigo

21.00 h | Vero Rilo. **Lavandeiras**. Centro Social Abanqueiro, Boiro (público adulto, +14)
21.00 h | María da Pontragha. **Donas do lugar**. Centro Social A Pedreira, Pontevedra

21 DE MARZO

17.00 h | Paula Carballeira. **Camiños de mar, terra e vento**. Casa-Museo Manuel María, Lugo
18.00 h | Raquel Queizás. **A viaxe de Nano**. Biblioteca Pública Municipal de Nigrán
19.00 h | Vero Rilo. **Bailen as vellas. Os contos das cereixas**. Casa da Cultura, San Sadurniño (público adulto, +14)

22 DE MARZO

18.00 h | Atenea García. **Estrafalaria**. Festival Singular, Narón

23 DE MARZO

12.00 h | Dani Blanco. **Contos de revolución: de Neira Vilas a Brassens**. IES Meaño

24 DE MARZO

10.00 h | Sole Felloza. **Era unha vez**. CEIP Plurilingüe do Xurés, Lobios
12.30 h | Vero Rilo. **Elas**. Museo Interactivo da Historia de Lugo (público familiar, +3)
17.00 h | Pablo Díaz. **Cantacontos para bebés**. Centro Ágora, A Coruña
18.30 h | Pablo Díaz. **Cantacontos para bebés**. Centro Ágora, A Coruña

25 DE MARZO

8.30 h | Sole Felloza. **Era unha vez**. IES Carral (Carral)

26 DE MARZO

10.00 h | Sole Felloza. **Era unha vez**. Ceip Manuel Respino (A Rúa de Valdeorras)
17.30 h | Pablo Díaz. **Contos con tradición**. Biblioteca de Lorbé, Oleiros

27 DE MARZO

8.30 h | Sole Felloza. **Era unha vez**. IES Carral (Carral)
18.30 h | Pavis Pavós. **A hora do conto**. Biblioteca Pública Municipal Luís Seoane, Soutomaior

***Programa suxeito a modificacións**

ATLANTICA
festival internacional de narración oral

**SETE
FALARES**
PONTEVEDRA

NOGA
NARRACIÓN ORAL GALEGA